

PROGRAMACIÓN ESPA – ÁMBITO SOCIAL

MÓDULO I

CURSO 2025 - 2026

GUTIER MARTÍNEZ PRADO

Contido

Introdución. 3

Competencias e obxectivos. 3

Unidades didácticas: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. 6

Metodoloxía. 14

Materiais e recursos didácticos 15

Avaliación e cualificación..... 16

Instrumentos de avaliación. 17

Medidas de atención á diversidade. 17

Programación de temas transversais..... 18

Practica docente..... 19

Introdución.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións esixen o desenvolvemento das competencias necesarias que axudan aos individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea. O eixe do currículo do ámbito Social aborda de maneira directa as dimensións comunicativas, interculturais, cidadás e cívicas necesarias para desenvolver esa cidadanía. Tamén vai contribuír ao entendemento e ao coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades e a comprensión da organización e funcionamento destas ao longo do tempo. Así mesmo, este ámbito vai favorecer que o alumnado saiba enfrontarse ás diferentes situacións que se lle presenten no mundo social e laboral seguindo os valores de tolerancia e respecto propios para unha vida en comunidade. A educación en valores cívicos e éticos constitúe, polo dito, un requisito necesario para o exercicio dunha cidadanía responsable, libre, reflexiva, crítica e con autonomía moral e criterio para aplicar unhas normas e valores que rexen unha convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

Este ámbito procura, ademais, que o alumnado desenvolva mellor as súas habilidades para acceder e seleccionar a información, pois comprende aspectos relacionados coas destrezas básicas para a súa busca e selección como medio para adquirir novos coñecementos, favorecendo así a consecución das ferramentas necesarias para afrontar a manipulación e a desinformación e, ao mesmo tempo, abordar a información e a comunicación cunha perspectiva crítica e adecuada ás súas propias necesidades. Neste sentido, as ferramentas dixitais teñen un potencial indispensable para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación do ámbito; por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización informacional e o uso adecuado, seguro, ético e responsable das tecnoloxías da información e da comunicación supoñen un elemento de aprendizaxe sumamente relevante.

Competencias e obxectivos.

Competencias:

Comunicación lingüística (CCL). Esta competencia é o obxectivo principal da materia e aparece en todas as unidades.

Na educación a distancia hai unha predominancia da comprensión e expresión escrita e - en menor medida- da comprensión oral en detrimento da expresión oral.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Estas competencias reflíctense na aprendizaxe dos números cardinais, ordinais e romanos; das operacións matemáticas,...

Competencia dixital (CD). Con esta competencia o alumnado é capaz de buscar, obter, tratar e comunicar e verificar (con espírito crítico)

informacións na rede.

O ensino a distancia lévase a cabo mediante a aula virtual: apuntamentos, referencias a páxinas web, ...

Aprender a aprender (CAA). O ensino a distancia favorece unha maneira de aprender autónoma. O alumnado ten que organizar o seu traballo, manexar os recursos propostos, ...

Competencias sociais e cívicas (CSC). Esta competencia intenta comprender a realidade social na que vivimos, afrontar a resolución de conflitos con valores e prácticas democráticas, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable no exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolvemos esta competencia mediante o descubrimento das diferentes á propia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Esta competencia desenvólvese no alumnado partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e atinxe á súa responsabilidade, á creatividadee á autocrítica.

Trátase de recoñecer que ten a capacidade de imaxinar, de desenvolver de avaliar accións e proxectos individuais ou colectivoscon creatividade, confianza e **responsabilidade crítica**.

Conciencia e expresións culturais (CCEC). Esta competencia implica o coñecemento de diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

Os OBXECTIVOS deste ámbito supoñen unha progresión con respecto aos adquiridos polo alumnado durante os anos de escolarización previa, que serán o punto de partida para esta nova etapa en que se deberán ter en conta tanto as súas características específicas como os seus repertorios e experiencias, coa fin de garantir a súa inclusión social e, posteriormente, a súa inserción no mundo laboral, a poder ser, con maiores perspectivas e expectativas. Por outra banda, os obxectivos do ámbito, relacionados cós descritores das distintas competencias clave do perfil de saída e cos retos do século XXI, vai permitirlle asumir responsablemente os seus deberes e coñecer e exercer os seus dereitos a partir do autocoñecemento e da autonomía moral. Posibilítalle, ademais, levar a cabo unha convivencia comprometida éticamente cós valores democráticos e ecosociais da aprendizaxe, comprender a orixe e a evolución das sociedades, a construción europea, os valores democráticos e a cidadanía activa afianzando os seus valores éticos e cívicos e valorando a vida comunitaria interconectada, ecodependente e regulada; en definitiva, unha convivencia respectuosa e

comprometida có ben común e cunhas formas de vida sustentables.

En concreto, o ensino do Ámbito Social na ESPA ten coma obxectivo desenvolver as seguintes capacidades:

Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade como Galicia, a un estado histórico como é España e á cultura universal.

Comprender que o patrimonio cultural, natural, histórico e artístico é diferente ao de outros lugares, participando activamente na súa defensa e conservación.

Aplicar os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade galega para comprender a súa situación actual.

Identificar e **valorar** a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando discriminacións de todo tipo.

Valorar a diversidade lingüística e cultural manifestando actitudes de tolerancia.

Identificar as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais.

Identificar e **analizar** as relacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos desempeñan nelas.

Resolver problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos das ciencias sociais.

Obter e **relacionar** información verbal, estatística e cartográfica a partir de diversas fontes, sobre todo dos medios de comunicación, e tratala e transmitila de forma ordenada e clara.

Recoñecer as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador.

Unidades didácticas: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Obxectivos do ámbito
OBX1. Identificar e comprender o proceso histórico da humanidade identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, relacionándoos cos problemas ecosociais e valores presentes para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o patrimonio histórico, así como o compromiso co logro de formas de vida sustentables mostrando unha adecuada estima de si mesmo e da contorna.
· Neste obxectivo abórdanse as distintas etapas históricas de forma que o alumnado poida comprender as permanencias e os cambios, a través da contextualización dos fenómenos que se foron producindo e as respostas que se deron en cada momento da historia ata o presente. Permitirá que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades, contribuír ao benestar futuro e ao desenvolvemento sustentable con base na solidariedade, na interculturalidade, no respecto polas minorías e na efectiva igualdade e corresponsabilidade entre homes e mulleres. · Para a adquisición deste obxectivo será necesaria a aplicación das estratexias e métodos propios das ciencias sociais que permitan dar resposta ás principais cuestións xeográficas e históricas que deron lugar á realidade en que vivimos. Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das accións humanas, así como a orixe e a evolución das relacións sociais, económicas, culturais e políticas, identificando as causas e as consecuencias dos cambios que se foron producindo ao longo do tempo e do espazo, constitúe a base para comprender o mundo actual como paso previo ao compromiso ético coa sustentabilidade e o coidado do planeta. Este obxectivo atende os procesos de identificación colectiva, co fin de alcanzar a comprensión dos distintos elementos que contribuíron á súa construción e evolución, tales como o territorio, a historia, a arte, a lingua e a cultura, a memoria democrática, o voluntariado o asociacionismo, así como a importancia social dos impostos e da contribución do Estado ao fomento da paz e á cooperación internacional. · Persegue, así mesmo, a comprensión dos mecanismos sociais e emocionais que levan a xerar diferentes sentimentos de pertenza ao longo da historia, respectalos nas súas manifestacións e valorar a importancia que teñen as súas múltiples expresións culturais e artísticas, como parte que son do rico acervo común. Así, recoñecer o significado histórico e simbólico do patrimonio material e inmaterial, e impulsar accións tendentes á súa conservación, promoción e posta en valor como recurso colectivo para o desenvolvemento dos nosos pobos resultan procesos fundamentais para que se tome conciencia da súa importancia. Ademais, o obxectivo é que o alumnado poida aprender a recoñecer, avaliar e xestionar as súas propias emocións, así como comprender e respectar os demais.

OBX2. Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española, destacando a contribución do Estado e as súas institucións para promover unha convivencia en paz, valorar os dereitos humanos, a cooperación internacional, a cohesión social e a solidariedade territorial.

· A globalización fai difícil concibir a vida dunha sociedade allea ao contacto e á interacción con outros pobos. Para poder entender a historia dun país é necesario situalo no escenario dos grandes fluxos de difusión cultural e técnica e no contexto das relacións políticas e da economía internacional. A integración de España no espazo europeo supón un elemento imprescindible para entender a política, a sociedade e a cultura do noso país, facilitando a mobilidade segura, saudable e sustentable dos cidadáns entre os Estados membros.

· O alumnado debe ser capaz de valorar o papel que desempeñou España nas redes de intercambio europeas e que implicacións ten no presente e no futuro da sociedade española o feito de formar parte da Unión. As actividades encamiñadas á adquisición deste obxectivo deberían promover o interese do alumnado pola realidade internacional e os problemas e retos que formula o mundo en que vivimos e, en concreto, no ámbito europeo, para poder entender e asumir o compromiso colectivo de formar parte dunha sociedade globalizada que exige un compromiso ético coa sustentabilidade e o coidado do planeta.

· Os sentimentos de identidade deben valorarse desde as súas diferentes escalas e en relación coas súas consecuencias, tomando conciencia dos conflitos que nalgúns casos contribuíron a ocasionar e da necesidade de recoñecer o sufrimento das vítimas da violencia e do terrorismo. A seguridade integral, garantida por institucións e entidades, constitúe a base da convivencia na nosa sociedade e do exercicio da cidadanía. No mundo global de hoxe, a seguridade debe concibirse dun modo xeral, así como tamén no contexto das relacións e interaccións con outros pobos. De especial relevancia resulta integrar principios de cohesión e solidariedade territorial, así como concibir a nosa presenza no mundo desde un compromiso fraternal e universal que transcenda as fronteiras, asumindo os valores do europeísmo e os principios que emanan da Declaración universal dos dereitos humanos. É importante que o alumnado entenda a multiculturalidade como o froito de procesos históricos de contacto e interrelación entre distintos pobos e culturas e, máis recentemente, do acelerado proceso de globalización. De aí que resulten necesarios o coñecemento e a valoración dos distintos movementos que foron xurdindo para a defensa dos dereitos e liberdades de colectivos especialmente discriminados e, de maneira referencial, do feminismo.

OBX3. Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.

· Mediante este obxectivo preténdese acadar o coñecemento e a comprensión dos principios, valores e fundamentos que conforman o noso modelo de convivencia e que están recollidos na Constitución española e plasmados no Estatuto de autonomía de Galicia, garantindo o exercicio das nosas liberdades e dereitos, e promovendo a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, a cohesión social, o cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades e a asunción dos deberes cívicos.

· A Constitución é a norma suprema que recolle os principios e fundamentos que conforman o modelo de convivencia no territorio español. Promove a responsabilidade civil, a iniciativa cidadá, o compromiso social e o traballo en favor de movementos e accións que contribúan á cohesión social e ao cumprimento efectivo dos dereitos e liberdades tanto en España como no resto do mundo. É produto tanto do período de transición á democracia como dos distintos movementos, accións e acontecementos que, ao longo da historia, afianzaron as ideas e valores que conforman o noso actual sistema democrático. Supón, polo tanto, o recoñecemento da memoria democrática e a análise dos distintos momentos históricos que a conforman, en especial, a perda das liberdades e dereitos tras o golpe de Estado de 1936.

· A Constitución, ademais, establece os principios básicos do sistema democrático español e garante a soberanía nacional que necesita do exercicio dunha cidadanía activa e crítica, pois implica que todos os cidadáns son titulares do poder público de que derivan os poderes lexislativo, executivo e xudicial. Por iso, é necesario que o alumnado sexa consciente dos seus dereitos e dos seus deberes en canto cidadáns, e poida adecuar o seu comportamento ao cumprimento dos principios democráticos e constitucionais. A adquisición deste obxectivo garante que o alumnado sexa capaz de actuar exercendo unha cidadanía responsable e participando plenamente da vida social, política e cívica.

OBX4. Seleccionar e contrastar información sobre temas relevantes do presente e do pasado procedente de diferentes fontes, de maneira progresivamente autónoma e crítica para avaliar a súa fiabilidade evitando os riscos de manipulación e desinformación e elaborar e expresar os contidos en varios formatos.

· O acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido como principio estruturador da sociedade moderna e ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso, é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, identificándoa, xestionándoa, avaliándoa e comunicándoa. É necesario adoptar un punto de vista crítico e persoal e evidenciar unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual e coa identidade dixital.

· Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma cooperativa, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de esquemas, traballos, ou proxectos de investigación que deben tender á abordaxe progresivamente autónoma da súa planificación e do respecto ás convencións establecidas na presentación das producións propias con que se divulga o coñecemento adquirido: organización en epígrafes; procedementos de cita, notas, bibliografía e webgrafía; combinación axustada de diferentes códigos comunicativos nas mensaxes multimodais... É imprescindible tamén o desenvolvemento da creatividade e a adecuación ao contexto na difusión da súa nova aprendizaxe. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe, será un contorno ideal para acadar este obxectivo.

OBX5. Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, xerando unha actitude reflexiva respecto diso para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.

• O propósito fundamental desta tarefa é que o alumnado tome consciencia das calidades e dimensións que caracterizan o ser humano como ser dotado de racionalidade, volición e afectos de acordo coa súa natureza e coas circunstancias sociais, históricas e culturais que a posibilitan e condicionan. O obxectivo último é que o alumnado aprenda a construír libre e criticamente desde o coñecemento e autoconhecimento e o uso adecuado dos conceptos e procedementos fundamentais do saber ético, aqueles xuízos de valor de que depende o seu proxecto vital e o logro dos seus propósitos persoais e profesionais desexables e dignos.

OBX6. Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, do ciclo vital, dos estilos de vida e das relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución no tempo, interactuando de acordo con normas e valores cívicos e éticos para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.

• Vivir en sociedade, interactuar coa contorna e comprender as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e poida contribuír ao benestar futuro e ao desenvolvemento sustentable.

• A adopción de normas e valores cívicos e éticos supón, en primeiro lugar, o recoñecemento da nosa natureza histórica e social, así como unha reflexión arredor da natureza do ético e do político mesmo. En segundo lugar, cómpre atender a condición das alumnas e alumnos como cidadás e cidadáns dun Estado democrático social e de dereito, integrado no proxecto comunitario europeo e comprometido con principios e valores constitucionais, así como co referente moral que son os dereitos humanos. Este coñecemento crítico do seu contexto social e político promoverá no alumnado unha adecuada consciencia da relevancia do seu papel para afrontar os problemas éticos máis urxentes do presente mediante o uso das ferramentas conceptuais e procedementais adecuadas.

• É necesario subliñar aquí a importancia de fundamentar e suscitar o respecto debido a aqueles principios e valores que constitúen o noso marco cívico e ético de referencia, tales como a solidariedade, a interculturalidade, o respecto polas minorías e a efectiva igualdade e corresponsabilidade entre homes e mulleres, ademais de promover entre o alumnado o coidado do patrimonio cultural e natural, o coñecemento dos fundamentos e acontecementos que conforman a nosa memoria democrática, o voluntariado e o asociacionismo, así como a ponderación do valor e importancia social dos impostos e da contribución do Estado, as súas institucións e outros organismos internacionais e sociais, o fomento da paz, a seguridade integral, a atención ás vítimas da violencia, a defensa para a paz e a cooperación internacional.

OBX7. Identificar e analizar os elementos das diferentes paisaxes e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos e a súa evolución no tempo, entendendo que a natureza está interconectada coas actividades humanas e identificando os problemas ecosociais de relevancia para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.

· O coñecemento das relacións sistémicas de interdependencia, eco-dependencia e interconexión que as nosas formas de vida gardan entre si e con respecto á contorna representa un paso previo ao compromiso ético coa sustentabilidade e o coidado do planeta. Este coñecemento pode darse, primeiro, a través da análise crítica de diversas concepcións que os seres humanos sostiveron e sosteñen sobre a súa relación coa natureza, así como das consecuencias que cada unha destas concepcións tivo e ten con respecto a unha existencia sustentable. En segundo lugar, este coñecemento rematará de construírse ao fío da análise e do diálogo ao redor das diversas formulacións éticas e ecolóxicas desde as cales, máis aló de consideracións puramente instrumentais e antropocéntricas, cabe afrontar hoxe os graves retos e problemas ecosociais. Por outro lado, mostrar unha actitude comprometida co respecto e o coidado da contorna implica o desenvolvemento entre o alumnado de hábitos e accións cotiáns que contribúan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos pola ONU. Entre estas accións están as referidas ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos básicos, a mobilidade segura, saudable e sustentable, o compromiso ético e cívico coas leis ambientais, a promoción do consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, o servizo á comunidade e a protección dos animais.

OBX8. Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.

· O recoñecemento e a expresión dunha serie adecuada de actitudes afectivas, tanto o autorrespeto como o respecto ás e aos demais e á natureza, constitúen a finalidade principal da educación emocional. A vivencia e expresión asertiva e compartida de emocións e sentimentos pode darse en múltiples contextos e situacións, entre eles, e de forma sobresaliente, nos da experiencia estética, pero tamén naqueles relativos á deliberación compartida sobre problemas morais e cotiáns, polo que as actividades para desenvolver esta competencia poden integrarse á perfección en case calquera tipo de proceso que fomente a creatividade, o diálogo, a reflexión e o xuízo autónomo. O obxectivo é que o alumnado aprenda a recoñecer, avaliar e xestionar as súas propias emocións, así como a comprender e respectar as dos demais, reflexionando sobre o seu significado, atendendo aos valores, crenzas e ideas que están na súa xénese e ponderando o seu papel en relación con algunhas das máis nobres accións e experiencias humanas.

Ámbito Social Módulo I	
Bloque 1. Retos do mundo actual, xustiza, ética ambiental e sustentabilidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Elaborar, expresar utilizando adecuadamente termos e conceptos e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato relativos a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado que reflectan a comprensión dos fenómenos abordados.	OBX4
• CA1.2. Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural e o respecto pola diversidade.	OBX7
• CA1.3. Interpretar a contorna través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	OBX7
Contidos	
• Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX) e lectura crítica da información. • A Terra: características da Terra. Movementos. Liñas imaxinarias e representación da Terra. • Estrutura da Terra. Formas de relevo e formación. Medio físico dos continentes, de España e Galicia. • Biodiversidade: as augas e os climas da Terra. • Clima e ríos de España e Galicia. Riqueza natural e valor patrimonial en España e Galicia. • Emerxencia climática e riscos: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas.	
Bloque 2. Sociedades, territorios e democracia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Contrastar, argumentar e elaborar esquemas sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando fontes primarias e secundarias como probas históricas e representando adecuadamente a información histórica a través de diversas formas (gráfica, cartográfica...).	OBX4
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	OBX1
• CA2.3. Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións prehistóricas e antigas e situalas no espazo e no tempo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando, vendo como se foron integrando e explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo.	OBX2
• CA2.4. Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o desfrute recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	OBX8
• CA2.5. Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos e as súas causas e consecuencias.	OBX6

Contidos	
• As fontes históricas e arqueolóxicas. Os períodos da historia. • Proceso de hominización. A Prehistoria. Características principais das etapas prehistóricas: forma de vida e organización social. • Arte prehistórica e o fenómeno do megalitismo. • Aspectos fundamentais da Prehistoria na Península Ibérica e Galicia. • A natureza humana. Autocoñecemento e autoestima, liberdade e moralidade como características especificamente humanas. A responsabilidade das accións. • A ética e as éticas como guías das nosas accións. • As primeiras civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto. Principais características. As cidades. Economía, sociedade e a vida cotiá. Aparición do Estado e das primeiras leis escritas. Relixión e arte. • O mundo clásico. Aspectos máis significativos da cultura grega e romana. Cidades, economía, sociedade e a vida cotiá. Organización política. Relixión e arte. • A Hispania romana e romanización de Galicia. • O legado do mundo clásico. Os monumentos romanos en España e Galicia.	
Bloque 3. Autonomía moral, compromiso cívico e global	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Desenvolver e demostrar autocoñecemento e autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso e asertivo cos demais.	OBX8
• CA3.2. Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e transmitir as ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	OBX5
• CA3.3. Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres, actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razóns de xénero.	OBX3
Contidos	
• Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. Interculturalismo. Os dereitos LGTBI+. • A educación afectivo-social. • Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. • Conciencia ambiental. Respecto, sustentabilidade, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. A bioética. • Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. • Obxectivos do desenvolvemento sustentable: Axenda 2030 para un planeta sustentable. • Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión, ecodependencia e soberanía alimentaria. • A protección do ambiente e xustiza ecolóxica: dereitos humanos de terceira xeración. • Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.	

Temporalización.

Os contidos de cada Módulo da ESPA desenvólvense en dous cuatrimestres, e están distribuídos en dúas avaliacións. Cada semana (das 14 que compoñen cada curso) abordarase un aspecto do temario (correspondente a unha Unidade Didáctica) que se publicará na Aula Virtual, acompañada de explicacións que poñerán en contacto ao alumnado coa materia que debe abordar e os materiais complementario para o estudo de cada epígrafe. Cada unha das dúas avaliacións parciais do curso revisarán os contidos estudados en cada período.

1ª Avaliación:

Unidade 1: A Terra. 13 de setembro.

Unidade 2: Orientación, localización e representación do espazo terrestre. 20 de setembro.

Unidade 3: O relevo terrestre. 27 de setembro.

Unidade 4: Augas e climas da Terra. 4 de outubro.

Unidade 5: O medio físico de España e Galicia. 11 de outubro.

Unidade 6: Riscos e ameazas para o medio natural. 18 de outubro.

Unidade 7: A natureza moral do home. 25 de outubro.

Data do exame da 1ª avaliación: venres, 7 de novembro.

2ª Avaliación:

Unidade 8. A ciencia histórica. 8 de novembro.

Unidade 9. A prehistoria. 15 de novembro.

Unidade 10. As primeiras civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto. 22 de novembro.

Unidade 11. Mundo clásico I: Grecia. 29 de novembro.

Unidade 12. Mundo clásico II: Roma. 6 de decembro.

Unidade 13: A Hispania romana e a romanización de Galicia. 13 de decembro.

Unidade 14. Ética e ecoloxía. 7 de xaneiro.

Data do exame da 2ª avaliación: venres, 23 de xaneiro.

Metodoloxía.

O ensino a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto dos ensinos regrados. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

1. A retroalimentación como estratexia de avaliación formativa.
2. A metodoloxía da aula virtual (online) é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.
3. O foro como estratexia avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo e durante e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico, o cal os estudantes irán nutrindo e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán moderados polo profesor/a que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, o cal xa foi negociado con anterioridade cos estudantes. Establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso en que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a oportunidade para reflexionar sobre o crecemento do estudante. Proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas actividades realizadas polos/as estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúa en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a

interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Requiren de planificación, claridade e precisión. A formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

Materiais e recursos didácticos

Usaremos as Unidades Didácticas editadas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a ESPA.

Ademais, na medida do posible, proporcionaremos ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, como gráficas, mapas, mapas conceptuais, etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada módulo. Isto complementarase con vídeos, de tempo breve, que faciliten a comprensión da materia vista en cada unha das unidades.

Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos ou outros relacionados coas materias, que presenta internet. O papel do profesor será animar a indagar e afondar en internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ao alumnado a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistirase neste eido na busca de que o alumnado se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas, históricas e económicas. É fundamental o traballo individual.

Avaliación e cualificación.

ACTIVIDADES AVALIADORAS	NÚMERO MÍNIMO POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA DA AVALIACIÓN
1. EXAMES:	1	100,00%

Ao longo do curso realizaranse dúas probas (exames), fixadas a tal fin pola xefatura de estudos, que constituirán o 100% da nota final da alumna/o.

De non superaren a proba obxectiva da primeira avaliación, o alumnado terá a oportunidade de examinarse de toda a materia na segunda avaliación ou final. A cualificación final obterase da media das dúas probas obxectivas realizadas durante o cuadrimestre, sempre que a nota da 1ª avaliación sexa 4 ou superior a 4. No seu defecto a cualificación corresponderá á nota obtida no exame final. Para aprobar nas convocatorias ordinaria ou extraordinaria a media debe ser 5 ou superior.

Ao ser un ensino a distancia, boa parte do seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe recaerá na perseverancia do propio alumnado. É moi importante que o alumnado estea en contacto co profesor nas horas de Titoría Multimedia ou que, cando menos, acceda dunha forma periódica á Aula Virtual para consultar toda a información que o profesor vaia incorporando. O profesor axudará e guiará en todo momento este proceso, estando presente de xeito continuo a través da aula virtual, respondendo aos requirimentos académicos que se lle fagan a través dos diferentes procedementos de comunicación, e anticipando e publicando as características das probas que se desenvolvan.

A avaliación do alumnado basearase no seguinte:

- Cada semana, o profesor indicará na aula virtual unha orientación do tema a traballar nesa semana. Como o ensino é a distancia, o alumnado poderá

distribuír os contidos segundo quixer, mais a tarefa do profesor será ir guiando nunha distribución o máis axeitadamente os contidos e actividades ao longo do curso. Cada quincena o profesor poderá achegar ao alumnado unha serie de actividades voluntarias sobre o tema que están a tratar.

- Ao final de cada cuadrimestre, e/ ou na avaliación parcial, o profesor desenvolverá unha proba escrita sobre as unidades didácticas traballadas nese tempo.
- Ao longo de cada cuadrimestre, o profesor corraxirá os exercicios voluntarios achegados polo alumnado e remitiralle a través da aula virtual os resultados.

Instrumentos de avaliación.

Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas a responder polo alumnado. Estas cuestións poderán combinar exercicios de resposta verdadeiro/falso, resposta múltiple, comprensión de pequenos textos, gráficos, imaxes, cuestións de desenvolver, definición de conceptos... As devanditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire, mais a nota final virá indicada numericamente, debendo obterse unha nota mínima de **5 sobre 10** para poder superar a avaliación.

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, o profesor contará o resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todo o alumnado deberán desenvolver ao longo do módulo, un por cada cuadrimestre.

Medidas de atención á diversidade.

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuadrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias

básicas establecidas para o módulo.

En contacto co Departamento de Orientación, no caso do alumnado que presente necesidades educativas especiais, o profesor elaborará os materiais e probas adaptados a esta realidade que se requiran.

Programación de temas transversais.

Os temas transversais prográmanse ao longo de todo o currículo da materia, integrados no conxunto dos contidos da materia.

No ámbito da sociedade abordamos de forma transversal os seguintes:

Educación moral e cívica

Educación para a paz

Educación para igualdade de oportunidades entre ambos sexos

Educación ambiental

Educación para a saúde e educación sexual

Educación viaria

Educación para o consumo

Os temas transversais perseguen que a educación integral das persoas teña en conta non só as capacidades cognitivas e intelectuais, senón atender tamén ao desenvolvemento da capacidade afectiva, da relación interpersoal e social. Axudan a desenvolver persoas reflexivas e críticas co entorno social e físico, que coiden de si mesmas e que sexan quen de implicarse en cambios de actitudes prexudiciais por outras máis respectuosas consigo mesmo, co medio natural e coa sociedade en xeral.

Dentro deste ámbito incidirase especialmente na igualdade de xénero, as consecuencias das desigualdades ao longo da historia, a educación para o coidado

do medio, para a paz , a interculturalidade, etc.

Practica docente.

Coa fin de axustar á realidade docente este documento, resulta interesante considerar a posibilidade dunha avaliación tanta da propia práctica docente como da adecuación ou validez desta proposta didáctica. Meta esta, principalmente dirixida a posibilitar e facilitar a intervención ante posibles eivas ou inadecuacións deste programa.

Para tal fin, consideramos axeitado incluír unha serie de medidas tendentes a esa “avaliación da propia programación”, que se realizarán preferentemente en consenso e coordinación cos demais membros do departamento e baixo a dirección da xefatura.

Así pois, establécese que ao final de cada trimestre, se faga unha reunión valorativa dos resultados acadados en función dos obxectivos didácticos propostos. O profesor analizará tanto de xeito cuantitativo como cualitativo o porcentaxe de aprobados, o traballo das competencias clave así como as principais eivas e problemas que se presentasen. Desta análise, deberá saír un informe valorativo do período e de ser o caso, as posibles medidas de intervención/modificación da proposta educativa de cara aos próximos trimestres.

Finalmente, ao remate do curso, realizarase un novo informe de carácter retroactivo, onde se terán en conta varios indicadores de logro:

- Adecuación da proposta docente en función dos resultados acadados
- Grao de consecución dos obxectivos de etapa e materia.
- Dificultades á hora de cumprir a temporalización de contidos programada
- Problemas e conflitos específicos xurdidos por cuestións programáticas da materia
- Estatística e evolución dos aprobados/suspensos por trimestres e de xeito final
- Posibles medidas de intervención e mellora en función dos resultados de curso e de cara a integrar na programación do próximo curso.

Santiago de Compostela, setembro de 2025

Fdo: Gutier Martínez Pado